

BREVE RESUMO  
**ROTEIRO DA ASOCIACIÓN PASADA DAS CABRAS – BURELA-  
POLO CAMIÑO PRIMITIVO, DESDE O CÁDAVO ATA CASTRO VERDE.**  
**27-10-2019**

Nunha agradable mañá deste final de outono de 2019, a Asociación Pasada das Cabras realizou o Camiño Primitivo, saíndo da praza do Cádavo pasando por Pradeda onde son de salientar algunhas das casas e hórreo de Zaramelo. Ao saír da aldea puidemos ver á nosa esquerda a capela da Nosa Señora dos Remedios.



O Cádavo ao fondo

Capela dos Remedios

Superada a costa chegamos ao algo da Vaqueriza, a uns 860 metros, este cordal separa as vertentes atlántica e cantábrica. En Fonteo, nace o río Eo e en Vilabade nace unha das varias fontes do río Tórdea que vai ao río Neira e este ao Miño. Antes do desvío para ir por Vilalle ou Vilabade na marxe esquerda queda ***Cruz da Vaqueriza ou Vacariza*** Situaada a carón da estrada C-630 Lugo – Fonsagrada,



case no límite entre os concellos de Castroverde e O Cádavo Km. 27, entre o Camiño Primitivo e a estrada da Fonsagrada. Comentar que esta cruz hai uns vintecinco anos que a Consellería de Obras Públicas, na ampliación da estrada Lugo-Fonsagrada, a derrubou e o entullo do propio Camiño Primitivo, meteuno para a nova estrada, quedando a cruz abandonada ata que un grupo de persoas que estaban comenzando a reivindicar O Camiño Primitivo, a comenzos dos anos 1994 levantárona e, colocárona no lugar onde se encotra hoxe, cuberta de maleza, no medio dun silveiral, aínda que a Asociación Amigos do Patrimonio de Castroverde a ten limpado algunhas veces.

Cruz de pouca altura apoiada sobre unha pedra, cunha pequena base e os extremos son curtos. Todo o conxunto é de granito. Presenta a seguinte inscrición na cara SE.

#### **AÑO 1866. AQUÍ MURIÓ JUAN NEIRA DE FONTELA**

A inscrición fai referencia, en palabras de Ricardo Polín *“a aquela noite de cru inverno en que Xoán de Neira – veciño que o era do pobo de Fontela na montaña sur de Baleira- regresaba dunha feira montado na súa egua e alí mesmo caeu morto coa friaxe, tendido o seu corpo sobre a neve, baixo a intensa xeada que cobre de inverno estas paraxes”*

Continuando pola opción de visitar a capela do Carme chegamos ao pé dela desde o mesmo Camiño puidemos contemplar parte do territorio de Castro Verde a Vila a Torre da Fortaleza e ao fondo a cidade de Lugo.

FOTO DE GRUPO

#### **A Capela do Carme.**

En documentación do ano 1605 fálase do hospital que houbo cabe do Camiño, coa advocación de San Gabriel e en documentos do século XVIII tamén se cita o capelán desta ermida.

Nesta capela existe a confraría da Virxe do Carme, fundación benéfica e capelanía, protexida, unha vez reforzada a súa dotación inicial, polo omnipresente Diego Osorio de Escobar y Lamas, arcebispo de Puebla de los Ángeles, capitán xeneral e vicerrei de México (segundo consta en Reais Cédulas de Felipe IV, datadas o 29 de xuño do 1664).

Este arcebispo asignou, no ano 1661, unha cantidade en prata moi importante (que equivalería a varios millóns de euros) para a conservación desta capela e o fomento doutras obras pías.



Da capela do Carme a Vilabade.

### **VILABADE, Santa María de**

É moi digna de salientar a súa igrexa gótica, reformada no s. XVII cun espléndido retablo no interior e igualmente de moito interese é o Pazo de Abraira-Arana con fachada brasonada.

Do convento dos franciscanos consérvase unicamente o templo, sucesivamente reformado e ampliado. Mantense a tradición de que o mosteiro foi fundación directa do propio San Francisco de Asís, concretamente no ano 1214, de volta de Santiago para Asturias polo Camiño Primitivo.

A igrexa, chamada ás veces “a catedral de Castroverde”, tivo, como se dixo, sucesivas reconstrucións e ampliacións, e todos os expertos considéranla unha peza patrimonial de singular interese.

Erixíuse esta obra entre os anos 1457 e 1468, sendo o seu promotor Fernando de Castro, segundo reza unha lápida incrustada na entrada e na que están borradas, a posta, as dúas liñas e media finais:

*ANO DEL NASCEMENTO DEL NRO SALVADOR XPO*

*DE MIL E CATROCENTOS E CINCOENTA E SETE*

*ANOS COMENCO EL NOBLE CABALLERO DON*


*FERNANDO DE CASTRO ESTE MONASTERIO A*

*SERBICIO DE DIOS E DE LA VIRGEN SANTA*

*E ACABOLA.....*

.....





Placa da igrexa onde se testemuña o seu fundador

O templo está estratexicamente emprazado, en situación dominante sobre o propio Camiño, con dúas praciñas anexas, a lateral e a frontal ou principal, que comparte co Pazo e que foi utilizada tradicionalmente para feiras e festas.

Precede ao frontispicio un nobre pórtico renacentista de cinco arcos sobre piares e con escalinatas de acceso no arco central. Ten un impresionante frontón triangular, marcado por unha moldura saínte rectilínea que descansa en pilastras, con acróteras ou pináculos nos extremos e cruz no vértice. No medio do frontón, campa un escudo co emblema dos Osorio. O pórtico convértese nunha especie de cabido de trazado máis humilde ao longo do primeiro tramo do lateral sur da igrexa.

sur da igrexa.



Porta gótica



Retablo do altar maior de Santa María de Vilabade

A portada gótica de acceso é abucinada, con tres arquivoltas, capiteis vexetais e columnas entregas con baseamento elevado e individual. O tímpano, reducido, vai decorado con tres rosetas. Sobre a portada leva un beiril que descansa en modillóns con bustos humanos e un escudo cos tortiños ou roelas dos Castro e condes de Lemos. O rosetón superior é abucinado e con seis lóbulos radiais.

O retablo maior é un interesante conxunto escultórico atribuído por algúns a Francisco de Moure aínda que parece comprobado que é obra de Francisco de Lens, de mediados do século XVIII, feito en madeira de castiñeiro nu, á cera e sen policromía, cun monumental sagrario dourado e presidido por unha imaxe de Santiago ecuestre.



O pazo de Abraira – Arana con fachada brasonada.



Vista da Praza e o Pazo desde o pórtico da igrexa



A saída da praza de Vilabade camiño de Castroverde  
Remate da camiñata na vila de Castro Verde.  
Saúde, Terra, Lingua e Patrimonio.  
Manolo Muñiz



## **CRUCEIRO DE “VILLA LUCÍA” DE MÁXIMO E MARÍA**



### **Localización**

Este cruceiro encóntrase na casa da familia arriba indicada na estrada (LU-P-1206) que nos leva a Vilabade dentro da finca “Villa” Lucía a carón da casa.

Coordenadas: X: 148.607,26 / Y: 4.773.301,31

### **Descrición**

Plataforma dun chanzo de granito. Por riba un plinto que amosa dous corpos: O primeiro, de máis anchura, consta de dous filetes unidos por unha moldura cóncava-convexa (cima reversa invertida), un toro (moldura convexa), e un tramo paralelepípedo; o toro e o tramo paralelepípedo están unidos por unha moldura cóncava.

O segundo está formado por unha estrutura prismática cadrangular, que nos amosa catro acanaladuras no tramo central.

A base de carácter clásico, está composta de dous toros unidos por unha escocia (moldura cóncava -con dous radios-), que se apoia nun filete de gran tamaño (moldura corrida) ou nunha pequena estrutura paralelepípeda.

Fuste cilíndrico, que vai estreitándose a media que chega ao cume.  
Capitel corintio, que amosa unhas volutas nos vértices das catro aristas e dous niveis de follas de acanto. Un colariño separa o capitel do fuste  
Finalmente unha cruz latina, de sección cilíndrica, que mostra no anverso a efixie de Cristo crucificado cos seus brazos separados do brazo transversal da cruz en forma de V e, a efixie do sagrado corazón ou da virxe no reverso apoiándose nun supedáneo.

**Observacións:**

Cruceiro duns 5,80 m. de altura, na ten o nome dos propietarios; María e Máximo (avós) e Raúl e Lucía (netos). Mercado no ano 2014 ao canteiro Julio Martínez de Rosal, Pontevedra no ano 2014 pouco despois de mercar a casa de Riveiro en Vilabade.

Como curiosidade salienta un Santiago peregrino de 1,90 de alto e, de peso dous mil quilos, mercado en Ponte de Lima.